

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, de data 18 de marzo de 2026, relativo á concesión dunha axuda de emerxencia social por importe de 119,45 euros ao beneficiario descrito no informe social do expediente SIUSS 3664 para atender ao pago de necesidades primarias.

En uso das facultades concedidas nos artigos 184, 185, 186 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, así como nos artigos 59 e seguintes do Real Decreto 500/90, esta Alcaldía, visto o informe de intervención, acorda:

**Primeiro.**

Que se autorice, dispoña e recoñeza un gasto por importe de 119,45 € correspondente á subvención directa de emerxencia social, aplicación orzamentaria, 231-48 Acción Social. Emerxencia social.

**Segundo.**

Que se traslade a presente resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería do Concello.

**Terceiro.**

Dar conta do presente Decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.

O Alcalde,  
Roberto José Álvarez Carrero

Documento asinado dixitamente á marxe

